



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARRO (PONTEVEDRA), PARA ADOPTAR UNHA RESOLUCIÓN EXPRESA NUN EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA.

Expediente: N.7.Q/22510/17

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED], que motivou a apertura do expediente de queixa N.7.Q/22510/17, e que na súa tramitación tivéronse en conta os seguintes

ANTECEDENTES

- 1) En cumprimento da resolución de admisión a tramite do citado expediente, esta Institución promoveu o día 5 de setembro e ante o Sr. Alcalde do Concello de Barro, unha investigación, sumaria e informal, coa finalidade de coñecer o estado de tramitación das reclamacións formuladas polo interesado e reiteradas o 31 de maio e 3 de outubro de 2016, e 3 de agosto de 2017.

2) Como resposta ao requirimento de información practicado, o Sr. alcalde remítenos o escrito de data 28 de setembro de 2017, no que se expón:

"PRIMEIRO.- Que en data 26 de xuño de 2015 tivo entrada no rexistro xeral do Concello escrito do interesado polo que e en síntese, tras expor as circunstancias relativas aos feitos nos que fundamenta a súa pretensión, reclama da administración local "indemnización de todos os danos e prexuízos" que pola actuación denunciada puidesen derivarse.

No seu escrito, reprocha o interesado responsabilidade do Concello de Barro no acontecemento do seguinte feito: invoca o reclamante, moi sucintamente, que atopándose con un grupo de persoas, entre as que se atopaban menores de idade, dispuxéronse sobre as oito da noite do seis de abril de 2015 a xogar ao fútbol, cando, suponse nun lance do xogo, toca unha das portarías, comeza esta a tambalearse e a pesar de que tenta impedilo, cae ao chan resultando "aplastado polo largueiro que impactou contra a zona do torax".

Presuntamente as consecuencias lesivas que para a súa persoa produciu tan infausto accidente, se é que as hai, parece ser o pretendido obxecto da súa reclamación.

SEGUNDO.- A tenor do relato de feitos ofrecido polo interesado. O feitos tiveron lugar fóra de instalacións deportivas de titularidade municipal, nin sequera en instalacións deportivas, tampouco en espazos dotacionais destinados a tal uso.

A reclamación vén orfa de mención algunha e proba da necesaria e imprescindible relación de causalidade que conecte un normal ou anormal funcionamento do servizo público co resultado lesivo. Por certo, nin sequera se denuncia en fundamento dunha pretendida responsabilidade patrimonial, un servizo público deficiente.

Tampouco, ao día de hoxe, puxo o reclamante en coñecemento do Concello a imprescindible avaliación económica do dano, vetando á administración a posibilidade de coñecer, ou no seu caso, practicar proba en contradición dunha reclamación patrimonial, que como dicimos, ao día de data descoñecemos o seu alcance e/ou concreción.

TERCEIRO.- As portarías que presuntamente provocaron a lesión que o reclamante simplemente invoca, foran retiradas días antes do seu emprazamento habitual e con carácter provisional, para dar cabida á carpa dun Circo temporalmente instalado para ofrecer o seu espectáculo no Concello.

Os elementos das porterías estaban apartados do seu lugar natural e habitual de emprazamento, e non formaban parte para o seu uso, de ningunha instalación deportiva, nin sequera transitoria, de titularidade municipal. Esperaban simplemente o seu retorno ao seu espazo para xogo, unha vez recuperado o seu uso. Tampouco cabe admitir que as citadas porterías poidan caer o chan nin por si mesmas nin por lanzamento de balón algún.

Difícil reproche podería facerse aos menores, compañeiros de xogos do reclamante, de resultar estes prexudicados en razón dos mesmos feitos, pois difícil encadre atopa imputarlles a eles exclusiva culpa en razón da súa idade. Pero con 40 anos, narrar unha historia tan pouco verosímil, por non dicir imposible con arranxo aos máis elementais principios da física, para pretender imputar responsabilidade a unha administración, por algo que é mérito exclusivo da súa propia culpa ou irresponsabilidade.

CUARTO.-En atención ao procedemento e fundamentos xurídicos.

Certo que no iniciado procedemento polo reclamante en presunta depuración de responsabilidade patrimonial, esta Administración non chegou a emitir resolución expresa

Sendo de aplicación conforme establece a disposición transitoria terceira da lei 39/2015 de 1 de outubro, a lexislación vixente na data de inicio do procedemento, (R.D. 429/1993 de 26 de marzo que aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial, en diante RPAPRP) polo interesado non se aportaron datos necesarios (art. 6 do RPAPRP) como se expuxo anteriormente, xa que nin se valoran os danos da pretendida indemnización que negan a posibilidade de coñecer á Administración o que dela se demanda, o certo é que ante a falta de resposta, a norma reguladora do procedemento (en vigor ao tempo de inicio do expediente) prescribe que transcorridos seis meses desde o seu inicio "sen que recaese resolución expresa" PODERÁ ENTENDERSE QUE A RESOLUCIÓN É CONTRARIA Á INDEMNIZACIÓN DO PARTICULAR.

Conclusión,

É a propia norma substantiva reguladora do procedemento aquela que da sentido ao silencio, dispensando aquela solución regulamentaria incluso a necesidade de impetrar da administración certificación algunha acreditativa do aserto para acudir a un recurso ou ulterior revisión xurisdiccional contenciosa administrativa fronte ao acto, dereito e oportunidade que o reclamante desprezou, e que sen dúbida, ao día da data, converten en firme e definitiva aquel rexeitamento á súa pretensión.

Polo exposto

Entendese fundada a posición do concello en relación co manifestado por entender responsable o interesado do incidente nun procedemento no que o interesado puido no seu momento haber acudido a vía contencioso administrativa na defensa das súas pretensións."

Con baseamento no informe remitido e na documentación obrante no expediente, fórmulanse as seguintes:

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- Normativa aplicable en materia de responsabilidade patrimonial da administración pública do Concello de Barro.

As lesións denunciadas polo reclamante, ██████████, tiveron lugar o 6 de abril de 2015, sobre as 20 horas, no denominado Pazo da Creja, no campo destinado á feira e que naquel intre era o emprazamento temporal dun circo.

Por tanto, a lexislación aplicable ven recollida nos artigos 139 a 143 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo.

Segunda.- Elementos constitutivos da responsabilidade patrimonial da administración local denunciada.

Ao abeiro do artigo 6 do Real Decreto 429/1993 citado, deben concorrer os seguintes requisitos:

- a) Especificacións das lesións producidas. Resultan acreditadas no informe de alta do Complexo Hospitalario de Pontevedra de 16 de abril de 2015, ao que hai que xuntar o informe do Servizo de Rehabilitación e Logopedia do Hospital Provincial de Pontevedra de 24 de xuño de 2015.
- b) Funcionamento normal ou anormal dun servizo público e relación de causalidade.

O lugar onde se produciron as lesións –segundo a documentación achegada- , era unha zona de acceso público, onde estaban depositadas as porterías de fútbol de ferro, de titularidade municipal, desprazadas do seu emprazamento habitual e que non estaban ancladas para garantir a súa seguridade.

Polo tanto non podían ser utilizadas xa que “Esperaban simplemente o seu retorno ao seu espacio para xogo, unha vez recuperada o seu uso...”. “Tampouco cabe admitir que as citadas porterías poidan caer ao chan, nin por si mesma nin por lanzamento de balón algún”.

Este último parágrafo pon de manifesto o feito de non estar probada a relación de causalidade entre a prestación dun servicio público deportivo e o seu resultado lesivo.

c) Avaliación económica de responsabilidade patrimonial.

Dito doutra forma, o precepto legal obriga a que o dano alegado sexa efectivo, avaliable economicamente e individualizado, para determinar o dereito a súa indemnización.

Sobre o cumprimento do devandito requisito, pronúnciase a administración local en sentido negativo, no punto cuarto, parágrafo final do seu informe.

d) Desestimación da petición de indemnización por silencio administrativo.

Consonte ao establecido no artigo 13.3 do Real Decreto 429/1993, pode entenderse que, transcorridos seis meses dende o inicio do procedemento, sen ditar unha resolución expresa, esta é contraria á indemnización solicitada. Argumento que subliña o informe municipal no punto cuarto coas seguintes verbas: *“certo que no iniciado procedemento polo reclamante en presunta depuración de responsabilidade patrimonial, esta administración non chegou a emitir resolución expresa”*.

A afirmación anterior pon de manifesto o incumprimento do mandato vixente, tanto no artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, como no artigo 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, motivación que nos obriga a sentar a seguinte:

CONCLUSIÓN

Consonte ao disposto no artigo 32.1 da Lei autonómica 6/1984, do 5 de xuño, reguladora do Valedor do Pobo e no exercicio da función atribuída a esta Institución, formúlase ao Concello de Barro a seguinte RECOMENDACIÓN:

A administración municipal do Concello de Barro debe adoptar unha resolución expresa, motivada e notificada, con ofrecemento dos recursos procedentes a [REDACTED], con baseamento na reclamación formulada o 26 de xuño de 2015, no prazo máximo de tres meses, de conformidade co disposto nos artigos 42.2 e 89.3 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, vixentes no momento en que se iniciou o procedemento de responsabilidade patrimonial.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (artigo 32.2) dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da Institución.

Agradecéndolle a súa colaboración, reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo